

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GUARDA, A****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA VISITA A MUSEOS**MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR VISITAS A MUSEOS, EXPOSICIÓNS, BIBLIOTECAS, MONUMENTOS HISTÓRICO-ARTÍSTICOS E OUTROS ANÁLOGOS*

Rematado o período de exposición pública da aprobación provisional por Pleno do concello de A Guarda de data 29 de xaneiro de 2021 da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por visitas a museos, exposicións, bibliotecas, monumentos histórico-artísticos e outros analógos, tras anuncio da súa exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 29, de 12 de febreiro de 2021, sen que se tiveran presentado reclamacións, procede a publicarse o texto íntegro da modificación aprobada definitivamente a efectos da súa entrada en vigor:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR VISITAS A MUSEOS, EXPOSICIÓNS, BIBLIOTECAS, MONUMENTOS HISTÓRICO-ARTÍSTICOS E OUTROS ANÁLOGOS

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ó amparo do previsto nos artigos 20.4 e 57 da do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co procedemento regulado nos artigos 15 a 19 de dito texto legal, este Concello modifica a última redacción da ordenanza fiscal reguladora da taxa por visitas a museos, exposicións, bibliotecas, monumentos Histórico-Artísticos e outros analógos, ata agora en vigor e publicada no Boletín Oficial de Provincia de 20 de xuño de 2012.

A ordenanza actual define os importes por acceso ós recintos segundo a idade dos visitantes, as taxas das visitas guiadas previamente concertadas e estipula tamén os días de acceso gratuíto. A modificación que se propón ten por finalidade actualizar as cotas tributarias derivadas dos servizos que se prestan, así como a mellora técnica de mesma.

Artigo 1.— Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- O acceso en vehículo ó Monte de Santa Trega, que inclúe o acceso ó seu Museo Arqueolóxico (MASAT).
- O acceso sen vehículo ó Museo Arqueolóxico (MASAT)
- O acceso ó Museo do Mar do concello de A Guarda.



- O acceso ó Centro de Interpretación das Fortalezas, situado no Castelo de Santa Cruz.
- A realización de visita guiadas, directamente por persoal do Concello ou por persoas externas contratadas para tal fin, a lugares emblemáticos do concello, como o casco histórico o porto, as casas indianas e outros espazos.

Artigo 2.— Obrigados tributarios

- Son obrigados tributarios en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que soliciten estes servizos ou se beneficien directamente dos mesmos, así como os que os utilicen aínda sen a preceptiva autorización.
- Respecto do acceso ó Monte de Santa Trega, non terán a condición de obrigados tributarios os condutores e os guías que os acompañen, en caso de acceso en autobús, así como os profesores ou monitores que dirixan os grupos de escolares, por acceder a estes lugares en cumprimento das súas obrigas laborais.

Pola mesma razón, non terán a condición de obrigados tributarios os guías, así como os profesores ou monitores que dirixan os grupos de escolares en caso de acceso os demais recintos incluídos nesta ordenanza fiscal

Artigo 3. — Cota tributaria

- A estrutura e contía desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.
- A tarifa reducida será aplicable os seguintes usuarios do servizo:
- Persoas físicas con idades comprendidas entre os 6 e os 14 anos.
- Titulares do Carné Xove e do European Youth Card, ou documento equivalente emitido por calquera dos Estados membros da Unión Europea.
- Membros pertencentes a familia numerosa, segundo a súa definición legal.
- Exclusivamente para visitas guiadas previamente concertadas, os grupos escolares, entendidos como os estudantes escolarizados en ensinanzas non universitarias.
- Terán unha tarifa de cero euros:
- As persoas físicas con idade de ata 5 anos (incluídos).

Artigo 4.— Documentación acreditativa para a aplicación da tarifa reducida e da tarifa cero euros

- Persoas físicas con idade de ata 14 anos: deberán presentar Documento Nacional de Identidade ou equivalente en caso de persoas doutros países ou, no seu defecto, libro de familia
- Titulares do Carné Xove e do European Youth Card: deberán presentar dito carné xunto co seu Documento Nacional de Identidade.



- Membros pertencentes a familia numerosa: deberán presentar certificado de familia numerosa expedido pola Administración competente, xunto co seu Documento Nacional de Identidade
- Grupos escolares, entendidos como os estudantes escolarizados en ensinanza non universitarias: o representante do centro educativo deberá cubrir o modelo de solicitude establecido polo concello, onde se indicará o centro ó que pertencen os alumnos.
- O condutor e o guía acompañante: deberán presentar o seu Documento Nacional de Identidade.

Artigo 5.— Debeño

A obriga do pagamento da taxa nace dende que se solicita a prestación dos servizos regulados nesta ordenanza, entendéndose producida tal solicitude cá adquisición dos tiques ou outros documentos xustificativos do pago da taxa.

Artigo 6. — Normas de xestión

1. O pago efectuarase no momento de acceso a cada un dos lugares sinalados na presente ordenanza acreditándose por medio do tique que se obterá coa realización do pago.

2. Cando se trate de visitas concertadas, nas que debe mediar unha autorización previa por parte do concello, ó solicitar a mesma deberá aboarse o importe da taxa o cal deberá producirse con 48 horas de antelación ó acceso e deberá efectuarse por algún dos medios de pago previstos polo concello ou o Padroado Municipal Monte de Santa Trega.

3. Cando por causas imputables ó concello ou o Padroado, así como nos supostos establecidos pola lei, o servizo non chegue a prestarse, procederá a devolución do importe correspondente a instancia do obrigado tributario. En todos os demais casos non procederá devolución algunha do importe abonado. A cotas tributarias previstas nesta ordenanza fiscal serán irreducibles.

Artigo 7.— Días gratuítos

— Conxunto arqueolóxico e histórico do Monte Santa Trega, todos os luns e os días 24 e 31 de decembro.

— MASAT, Museo do Mar e Centro de Interpretación das fortalezas no Castelo Sta Cruz, os primeiros sábados de cada mes e festivos locais.

Disposición final.—Entrada en vigor

A presente modificación da ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia e producirá os seus efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.



ANEXO I

1.- As taxas de acceso en vehículo ó Monte Santa Trega inclúen o acceso ó MASAT

- Autobús só abonan a taxa por persoa de 1,50 € por pasaxeiro adulto e 1 € por pasaxeiro con dereito á redución de taxa. Están exentos do pago da taxa o condutor e o guía acompañante.

- Coche (incluído o condutor): 3 €. No caso de pasaxeiros: 1,50 € por adulto e 1 € por pasaxeiro con dereito á redución de taxa.

- Coche que remolque caravana e autocaravanas (incluído o condutor): 4 €. No caso de pasaxeiros: 1,50 € por adulto e 1 € por pasaxeiro con dereito á redución de taxa.

- Motocicletas (incluído o condutor): 2 €. No caso de pasaxeiros: 1,50 € por adulto e 1€ por pasaxeiro con dereito á redución de taxa.

2.- Taxas de acceso ó MASAT, Museo do Mar e Centro de Interpretación das Fortalezas

- Establécese a taxa de 1,50 € para persoas adultas e 1 € para persoas con dereito á redución de taxa.

3.- Taxas por visitas guiadas previamente concertadas ao Monte Santa Trega:

- Establécese unha taxa 5 € por persoa adulta, e 3 € para as persoas comprendidas entre 6 e 14 anos e grupos escolares.

- Estas taxas inclúen tanto o acceso ó recinto como o servizo de guía.

- Requírese un mínimo de 12 persoas para realizar unha visita concertada,

4.- Visitas guiadas concertadas a outros espazos diferentes ao Monte Santa Trega ao casco urbano, porto pesqueiro ou casas indianas.

- Establécese unha taxa de 3 € por persoa adulta e de 1,50 € para as persoas entre 6 a 14 e grupos escolares que soliciten o servizo de visitas guiadas polas rutas deseñadas polo Concello (casco urbano, porto pesqueiro, casas indianas, e outras que se podan definir no futuro como as salinas do Seixal e do Feno).

- No caso de visita guiada polo Museo do Mar ou Centro de Interpretación das Fortalezas incrementarase a taxa de acceso que corresponda en cada caso.

- Requírese un mínimo de 12 persoas para realizar unha visita concertada,



Luns, 21 de xuño de 2021

Núm. 116

TÁBOA RESUME

MONTE SANTA TREGA			
Taxa de acceso en vehículo: Inclúe ó condutor e o seu acceso ó MASAT	Coche	3 €	
	Caravana ou autocaravana	4 €	
	Motocicleta	2 €	
	Autobús Inclúe a taxa de acceso ó MASAT	Pagan só os pasaxeiros	
		Tarifa adulto	Tarifa reducida
Pasaxeiro en vehículo, incluído autobús (Inclúe a taxa de acceso ó MASAT)		1,50 €	1 €
Taxa acceso ó Masat sen vehículo		1,50 €	1 €
Visita concertada (inclúe a taxa de acceso, ata 90 minutos)		5 €	3 €

OUTROS ESPAZOS		
	Tarifa adulto	Tarifa reducida
Taxa de acceso ó Museo do Mar	1,50 €	1 €
Taxa de acceso ó Centro Interpretación Fortalezas	1,50 €	1 €
Visitas concertadas ó casco histórico, porto, casas indianas e outros espazos (ata 90 minutos e non inclúe a taxa de acceso á Rede de Museos)	3 €	1,50 €

